

DANZA:

-Función social da danza no Renacemento.

- A situación da danza dentro do renacemento, afástase da mentalidade humanista da época e percíbese como unha forma de exhibir poder e riqueza.
- A danza foi a actividade do Renacemento que máis se relacionou coa visión hedonista da nova sociedade.
- As cidades italianas dominadas polos grandes señores compiten entre si por mostrar o seu poderío aos visitantes. Mediante espectáculos e entre festíns que inclúen intermedios de canto, baile e teatro.
- Existen manuscritos sobre danzas que son a recompilación de melodías para Basse danse sinxelas, xunto coas súas coreografías e un tratado que explicaba como se realizaban as danzas.

-A Bassa Dansa:

Co termo de Bassa Dansa (categorizado por Domenico de Piacenza como a “raíña” das danzas), facíase referencia unha danza de parella, lenta, maxestosa e coidadosamente coreografiada, que foi a danza a favorita da sociedade cortesá desde mediados do século XV hasta ben avanzado o XVI. O trazo fundamental que caracterizaba a esta danza era o uso repetitivo dunha serie de notas a modo de cantus firmus ou progresión harmónica, denominada baixo ostinato, procedente de diferentes melodías preexistentes. Sobre este cantus firmus (interpretado frecuentemente por un trombonista), outros instrumentos (habitualmente chirimías) facían sucesivas improvisacións cos que se arroupaba os bailaríns na danza. Baixos ostinati famosos foron o tema de La spagna, o pasamezzo, a folía, a chacona..

<https://youtu.be/Gpsm80HFvaE>

.O século XVI supuxo unha cantidade numerosa de publicacións. Entre estes destaca a *Orchesographie* de Thoinot Arbeau que describe unha ampla gama de danzas de sociedade así como dos seus pasos de coreografía e a música interpretada.

.A música de danza caracterízase pola súa verticalidade homofónica, o ritmo fortemente marcado e regular, e polas diferenciadas seccións en que se estrutura cada danza.

.As danzas adoitaban unirse en grupos de dúas danzas: a primeira lenta en compás binario, a segunda, áxil en compás ternario, e ambas emparentadas ao compartir habitualmente material musical.

A parella máis representativa é a formada pola parella pavanagallarda, pero houbo outras agrupacións que tamén foron estimadas, por exemplo a *allemande* e *courante*.

Empezouse a denominar co termo *SUITE*, a unha concatenación de danzas que chegaron a ampliar o número hasta catro: pavana, gallarda, tourdion e volte. Aínda que o termo suite foi empregado por primeira vez polo editor Pierre Attaignant en 1557, non será hasta o século XVII cando se mostre o concepto de suite como concepto unitario de ciclo de danzas.

-Orchesographie de Thoinot Arbeau:



-Pavana:

<https://youtu.be/hVBIFUb0g60>



-Gallarda:

<https://youtu.be/BuCqtPlp0ql>



Ballerini Milanesi del 1580, che danzano la gagliarda, cavati dall'Opera di Cesare de' Negri Celebre Maestro e scrittore di Ballo in Milano

-Tournion:

<https://youtu.be/KdggwGKaNioc>



-Volte:

<https://youtu.be/3aP0VCvRY2c>

